

CONTRATACIÓN DE XESTORES DE INTERNACIONALIZACIÓN (IG638A)

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)



CONECTA OURENSE

RESOLUCIÓN do 19 de abril de 2023 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a contratación de xestores de internacionalización, e se procede á súa convocatoria plurianual para os anos 2023, 2024 e 2025 en réxime de concorrncia non competitiva (código de procedemento IG638A). [Vínculo directo ao DOG.](#)

BENEFICIARIOS

Serán beneficiarias as **pemes con domicilio social en Galicia** e cumprir os seguintes requisitos:

- As empresas solicitantes terán que dispor do informe de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización realizado a través de programas de Igape a partir de 2013 (procedemento IG192).
- Deberase acreditar un proxecto de internacionalización para o que se require a contratación.
- As empresas deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, e non ser consideradas empresas en crise.

CUSTO SUBVENCIONABLE

Será subvencionable o **salario bruto por conta allea a tempo completo** de xestores de internacionalización. O custo subvencionable ascende a **19.238€/ano** (1.603,16 €/mes con prorrateo de pagas extra, sen incluír os custos extrasalariais).

A empresa solicitante deberá establecer no cuestionario de solicitude a data de remate do proxecto de comercio exterior e a duración aproximada do contrato para o que solicita subvención. Ademais, teñen ao seu dispor a **bolsa de xestores de internacionalización** do Igape, que está aberta indefinidamente e ás novas incorporacións de persoal que reúna os requisitos exixidos. En todo caso, se a persoa beneficiaria da axuda contrata un xestor que non pertenza á citada bolsa, **o xestor deberase dar de alta nesta na fase de acreditación da contratación.**

CONTÍA DA AXUDA

- **85 %** no caso de mozos/as profesionais nados/as a partir do 1 de xaneiro de 1988.
- **90 %** no caso de mulleres inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil.
- **80 %** no caso de profesionais nados despois do 1 de xaneiro de 1978 e antes do 1 de xaneiro de 1988.
- **90 %** no caso de profesionais sénior en paro de difícil reinserción laboral nados antes de 1978.

FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

- Prazo de presentación **finaliza o luns, 5 de xuño de 2023 ás 14:00 horas**
- Presentación electrónica a través da plataforma do Igape: <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- Escritura, estatutos e modificacións posteriores destes.
- Acreditación da representación con que se actúa, no caso de entidades non inscritas no Rexistro Mercantil.
- Contas anuais correspondentes ao último exercicio pechado.
- Documentación relativa ao emprego: informe de traballadores en alta (ITA) emitido pola Seguridade Social no mes natural da solicitude de axuda.
- Informes da vida laboral necesarios para a comprobación do emprego.

CONDICIÓNS DA CONTRATACIÓN

RELATIVAS AO XESTOR DE EXPORTACIÓN.

- Deberán estar dados de alta na bolsa de xestores polo menos na fase de acreditación da contratación.
- Deben contar con titulación universitaria, formación profesional de técnico superior en comercio internacional, ou con certificado de profesionalidade de comercio exterior/internacional. No caso de que a titulación universitaria do xestor non sexa específica de comercio internacional, deberán acreditar:
 - o Bolsa de prácticas de posgrao en internacionalización empresarial superior a 6 meses.
 - o Mestrado de comercio exterior.
 - o Certificado de profesionalidade de comercio exterior ou comercio internacional.
 - o Curso completo de comercio exterior de duración igual ou superior a 140 horas.

RELATIVOS AO CONTRATO.

- A modalidade do contrato poderá ser calquera das previstas na lexislación laboral, excepto contratos de alta dirección.
- O período de contratación subvencionable será o establecido na resolución de concesión de axuda, **sen que poida ser inferior a seis meses nin superior aos dezoito meses.**
- Cando sexa necesaria a substitución do xestor, a duración do novo contrato será como mínimo de 6 meses. Permitiranse un **máximo de dúas substitucións por proxecto.**

EXCLUSIÓNS.

- Contratación dun xestor con vínculos de parentesco cos cargos de dirección ou membros dos órganos de administración do solicitante ou das súas empresas vinculadas.
- Contratos con persoas que tivesen algunha relación laboral coa empresa nos 2 últimos anos (ser bolseiro non se entende como relación laboral).

XUSTIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN


A empresa disporá dun prazo máximo de 15 días hábiles a partir da contratación do xestor para presentar:

1. Contrato laboral asinado entre as partes e acreditación da súa comunicación ao Servizo Público de Emprego. Así mesmo, debe incluír, especificamente:
 - Que o xestor se contrata para tarefas de internacionalización.
 - Importe mensual do salario bruto, excluídos os custos extrasalariais.
 - Que as pagas extras se aboan rateadas con cada mensuralidade.
 - Que o xestor consta de alta no grupo 01 ou 02 de cotización á Seguridade Social, no caso de ter titulación universitaria, e no grupo 04 no caso de ter un FP ou certificado de profesionalidade.
 - Período de proba establecido.
 - Convenio colectivo aplicable, se é o caso.
 - Duración do contrato.
2. Vida laboral completa do xestor en que figure a súa contratación por parte da persoa beneficiaria.
3. En caso de titulación universitaria que non sexa específica de comercio internacional, deberá acreditar formación específica de posgrao en comercio internacional.

OFICINA CONECTA VALDEORRAS

 Plaza del Ayuntamiento, núm. 2
32300, O Barco de Valdeorras
Ourense


 conectaourense@ceo.es

 625 464 262
988 391 110

OFICINA CONECTA VERÍN

 Rúa Doctor González Prada, núm. 5 Bajo
32600, Verín
Ourense

 conectaourense@ceo.es

 625 464 262
988 391 110

